



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO ESTUDO “AS MULLERES NA LITERATURA GALEGA E A SÚA PROXECCIÓN EXTERIOR. KATHLEEN NORA MARCH”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 11 de abril ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Estabelecer as condicións de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun estudo baixo o título “As mulleres na literatura galega e a súa proxección exterior da Kathleen Nora March”. O proxecto de traballo insírese na liña de pór en valor e dar visibilidade ás contribucións das mulleres e do feminismo á cultura galega e universal.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, como entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, constituíndo un dos principais referentes no labor de investigación sobre a situación da muller e o feminismo en Galicia, así como a literatura galega.

O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía, mediante Lei 8/1983 do 8 de xullo. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello da Cultura Galega compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Entre os obxectivos do Consello da Cultura Galega figura analizar as cuestións referidas á recuperación do papel desenvolvido polas mulleres na cultura de Galicia. Neste

sentido este proxecto pretende analizar a partir da actividade de Kathleen Nora March como fío condutor, o papel das mulleres no mundo dos estudos literarios en Galicia e a súa proxección internacional.

Trátase así de promover unha visión máis completa e complexa do papel que desenvolveron as mulleres no coñecemento, na práctica e desenvolvemento dos estudos literarios en Galicia, mediante a busca de información e procura documental sobre a presenza da literatura de mulleres na Filoloxía contemporánea e a difusión dos materiais compilados a través da Internet, nos sitios *on line* do Consello da Cultura Galega.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 11 de abril de 2016